

COMUNICADO DE PRENSA

O CARBALLIÑO 11/05/16

O PP ADVIRTE DE ILEGAIS e DESPROPORCIONADAS AS NOVAS PRETENSÍONS DO CONCELLEIRO DE TRAFICO NO PROCEDER DAS 3 PRAZAS RESTANTES DE AUXILIAR DE POLICIA.

O CONCELLO PROMOVE UN EFECTO CHAMADA PARA FACER MASIVAMENTE O CURSO NA ACADEMIA DE POLICIA SO POLO FEITO DE ESTAR APUNTADO COMO ASPIRANTE A AUXILIAR DE POLICIA.

NIN E LEGAL, E TAMPOUCO SE DARIA ASUMIDO ESTE CURSO NA ACADEMIA DE POLICIA.

O PP INSTA AO GOBERNO MUNICIPAL A NON SAIRSE DO GUIÓN DA PROPIA LEI QUE REGULA ESTAS PROBAS.

CADA DIA QUE O CONCELLEIRO DISCURRE ALGO, E UN DIA PERDIDO EN PROL DA SEGURIDADE.

O Grupo Municipal do Partido Popular, presentou un escrito por rexistro no Concello, no que se advirte das ilegalidades e irresponsabilidades, que poden xurdir das derradeiras ideas que parece tivo o Concelleiro de seguridade ao respecto da convocatoria das 3 prazas que faltan por cubrir para auxiliares de policía durante 3 meses do verán.

A normativa que está perfectamente reglada no decreto 243/2008 de 16 de outubro polo que se desenvolve a Lei 4/2007 de 20 de abril, de coordinación de policía locais, e a ela se deben de axustar os pasos a dar na selección dos aspirantes, é clara cando se fala de que unha vez superadas as probas selectivas que se desenvolvan no Concello según as bases, os seleccionados nelas, deberán facer un curso presencial na Academia de Policía, que para este caso, ten unha duración intensiva de 5 días.

O que se pretende, según trascende do propio Concelleiro de seguridade, é que toda vez que o prazo para facer ao curso na academia de policía, se vota encima pois terían que estar apuntados para fecelo o 18 de maio, pretenden cambiar o sistema, de forma que a todos os aspirantes que se presenten, e antes de facerlles probas selectivas no concello, serán mandados a academia propostos polo propio Concello, sin mais requisito que estar apuntados como aspirantes.

O concello así, está provocando un efecto chamada sen precedentes en ningún lugar, de forma que calqueira que ten a ESO, unha vez apuntado como aspirante tería a posibilidade de facer este curso práctico na academia, que en caso de aprobalo, tería unha duración de 4 anos de vixencia, con independencia de que se aproben ou non as probas selectivas no Concello.

A iniciativa que se pretende é tan desproporcionada, que a parte de ser ilegal, produciría un descalabro organizativo e de recursos na propia academia de Policía.

Se todos os concellos de Galicia fixeran igual que o que pretende facer o concelleiro de seguridade do Carballiño, poderíamos falar de que miles de persoas farian o curso práctico de auxiliar de policía, cousa inasumible, de feito a Academia de policía conta con facer o curso a un número similar ao de auxiliares que eles mesmos autorizan a cada Concello.

O concelleiro o que en que facer logo de equivocarse na primeira convocatoria é únicamente, non equivocarse na segunda convocatoria, e cumprir estrictamente o que a Lei marca.